

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 21 DE DECEMBRO DE 2011.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 21 de decembro de 2011, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

D^a MARÍA DEL CARMEN REY TUÑEZ. (PSG-PSOE)

D. RAMÓN RODRÍGUEZ ROMARÍS. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. (PSG-PSOE)

D^a. PATRICIA VÁZQUEZ LAMAS. (PSG-PSOE)

D. JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ BOUZAS ESPARÍS. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS. (PSG-PSOE)

D. CARLOS TOMÉ FONDO. (PP).

D^a MERCEDES GLORIA VÁZQUEZ GARCÍA. (PP)

D^a MARÍA DEL MAR COBAS CAJUSO. (PP)

D^a MÓNICA PATO MAGARIÑOS. (PP)

D. XESÚS PENA ESPÍÑA.(BNG)

SECRETARIO: D. JAVIER NIEVES GONZÁLEZ, Secretario do Concello.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos conforme á seguinte orde do día que figura na convocatoria:

1º) APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO 24 DE OUTUBRO, 3 DE NOVEMBRO E 25 DE NOVEMBRO DE 2011.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 17.10.2011 AO 16.12.2011.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO.

4º) MOCIÓNS.

5º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO 24 DE OUTUBRO, 3 DE NOVEMBRO E 25 DE NOVEMBRO DE 2011.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo ás actas das sesións do 24 de outubro, 3 de novembro e 25 de novembro de 2011.

Sometidas a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos trece membros presentes acorda aprobalas sen ningunha rectificación.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 17.10.2011 AO 16.12.2011.

Pola Alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22. 2. a. da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben:

17.10.2011.- Convocatoria Xunta de Goberno Local a celebrar o 18 de outubro.

17.10.11.- Declaración de caducidade do expediente de reposición da legalidade urbanística tramitado a Juan Antonio Leis Forján.

17.10.11.- Incoar un novo expediente de reposición da legalidade urbanística a Juan Antonio Leis Forján, por ter rematado as obras sen axustarse ás condicións da licenza concedida.

17.10.11.- Nomeamento do funcionario José Antonio Bouzas Neo, como interventor accidental do Concello durante o prazo que dure a baixa da Interventora.

17.10.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 35,40 euros (Cable Europa).

18.10.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 12,50 euros (López Alfonso Carmen).

19.10.11.- Convocatoria sesión extraordinaria do Pleno a celebrar o 24 de outubro.

19.10.11.- Ordenar á brigada municipal de obras a realización de obras de construción de escolleira para resolver o desprendemento de terra producido nun noiro na ribeira do río Sar.

19.10.11.- Altas e baixas nas actividades extraescolares, deportivas e culturais durante o curso 2011-2012.

19.10.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 704,59 euros (Helvetia Suiza SA).

20.10.11.- Aprobación da liquidación Xunta de Goberno Local celebrada o 18 de outubro.

20.10.11.- Ordenar a Antonio Bello Couso a inmediata paralización das obras de derrubamento dun alpendre sito en A Torre nº 7, por estar realizando as obras sen licenza municipal nin autorización da Comisión Territorial de Patrimonio Cultural.

20.10.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 53,49 euros (taxas BOP).

20.10.11.- Aprobación provisional do padrón de taxas polos servizos de subministración de auga, saneamento, depuración de augas residuais e canon de saneamento, correspondente ao 3º trimestre de 2011.

21.10.11.- Ordear a Silvia Vidal Castiñeiras a inmediata paralización da actividade de explotación porcina que está a realizar no lugar de Brans de Abaixo, por estar realizando a actividade sen licenza municipal.

21.10.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 535,24 euros (Estación de Servizos Manzaneda).

24.10.11.- Aprobación da certificación núm. única da obra RENOVACIÓN DE ALUMEADO EN URBANIZACIÓN MONTE BALADO, por importe de: 61.267,89 euros, ive incluído.

24.10.11.- Aprobar a factura núm. 10, do 04/10/2011, importe: 1.858,56 euros, ive incluído, correspondente á dirección das obras de “Renovación de alumeado en urbanización Monte Balado”.

24.10.11.- Aprobar a factura núm. 1095/11, do 23/09/2011, importe: 902,20 euros, ive incluído, do servizo “Control de calidade da obra de renovación de alumeado en urbanización Monte Balado”.

24.10.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 1000 euros (ASOCIACION VOLUNTARIOS AVAN).

26.10.11.- Contratación do servizo de Mantemento do ascensor da Casa do Concello, á empresa ENOR, por un importe de 2.447,40 €, Ive incluído.

27.10.11.- Baixas no padrón de habitantes.

27.10.11.- Inicio expediente sancionador de tráfico.

28.10.11.- Inicio expediente de baixa de oficio por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de Javier Bouzas Vázquez.

28.10.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 1.338,82 euros (Estación de Servizos Manzaneda).

31.10.11.- Outorgar unha subvención á Sociedad Deportiva Luaña por importe máximo de 2.000 €

31.10.11.- Outorgar unha subvención ao Club Ciclista Os Esfola Arrós por importe máximo de 1.200 €

31.10.11.- Pago nóminas.

31.10.11.- Outorgar unha subvención á Asociación de Caza Altamira por importe de 3.000 €

31.10.11.- Declaración da caducidade das inscricións no Padrón Municipal de Habitantes por non ter renovada a súa inscrición padronal transcorrido o prazo de dous anos.

31.10.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 70,80 euros (Centyc Europa).

31.10.11.- .- Abono da diferenza complementos específicos polo posto de interventor accidental.

31.10.11.- Pago de gratificacións a laborais.

31.10.11.- Pago de gratificacións a un funcionario.

31.10.11.- Recoñecemento de trienios.

31.10.11.- Relación de altas e baixas nas actividades de prevención e inserción social.

31.10.11.- Devolución aval bancario á empresa Probisa por importe de 3.548,75 € para responder do subministro de emulsión asfáltica ERC-2.

02.11.11.- Ordear a Iroa SL. a inmediata paralización das obras que está a realizar sobre as parcelas núm. 39 e 40 de Chave de Ponte (Bastavales) por estar realizando as obras sen licenza municipal.

02.11.11.- Altas padrón de habitantes do mes de outubro.

02.11.11.- Baixas padrón de habitantes do mes de outubro.

02.11.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 582,22 euros (facturas varias).

03.11.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 69,45 euros (CP Agro Novo).

04.11.11.- Delegación do exercicio das funcións da Alcaldía no Tenente de Alcalde José Pedro Cambón Fernández, desde o día 7 ata o día 14 de novembro de 2011.

04.11.11.- Interpoñer recurso de apelación ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, contra sentenza recaída no recurso PO 218/2010 interposto por María Concepción Freire Baameiro.

04.11.11.- Renovación da licenza municipal para a tenza de animais dos cualificados como potencialmente perigosos a M^a Loreto Corral Pedregosa.

04.11.11.- Avocar competencia para outorgamento de licenza e revocar parcialmente o acordo de concesión de licenza da XGL de data 22.06.11 de aceptación de 20,05 m2 para ampliación de viais.

04.11.11.- Expediente sancionador multas de tráfico.

07.11.11.- Solicitud de subvención de aforro e eficiencia enerxética 2011 (FEDER 2007-2013).

08.11.11.- Aprobar a xustificación presentada pola Banda de Música Municipal de Brión polo importe total de 4.000 euros.

08.11.11.- Adxudicar á empresa BBVA a execución do contrato de subministro dunha máquina varredora mediante leasing, polo prezo de 78.349,68 euros, ive incluído.

08.11.11.- Aprobar a xustificación presentada polo Clube Ciclista Os Esfola Arrós polo importe total de 1.200 euros.

08.11.11.- Baixa definitiva dos recibos da taxa de recollida de lixo correspondentes ao padrón do lixo dos anos 2010 e 2011 que figuran a nome de Pedro José Pazos Carbón.

08.11.11.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación dos servizos da escola infantil municipal correspondentes ao mes de novembro de 2011.

09.11.11.- Aprobación provisional da matrícula de contribuíntes da taxa por utilización privativa da vía pública para facilitar a entrada a garaxes particulares, correspondente ao exercicio 2011.

09.11.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 2.885,04 euros (axuda transporte Plan AFD mes outubro).

14.11.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 2.814,25 euros (facturas varias).

14.11.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 2.492,49 euros (facturas varias).

15.11.11.- Ordenar a Marcial Crespo Barbeito á reposición da legalidade das obras realizadas na aldea da Gándara.

15.11.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 100.759,20 euros (facturas varias).

15.11.11.- Inicio do procedemento de adxudicación do contrato do servizo de Catering para a Escola Infantil Municipal.

15.11.11.- Concesión de 6 tikets de autobús correspondentes ao programa de Transporte Colectivo Gratuíto a un veciño.

15.11.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 25,35 euros (CP Agro Novo).

17.11.11.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas do servizo de Catering da Escola Infantil Municipal.

17.11.11.- Delegación de sinatura no suposto de ausencia desta Alcaldía das oficinas do Concello na Concelleira Patricia Vázquez Lamas, dos vistos e praces dos certificados expedidos por Secretaría.

17.11.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 23.588,41 euros (facturas varias).

17.11.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 25.345,51 euros (facturas varias).

18.11.11.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio a dependentes correspondentes ao mes de outubro 2011.

18.11.11.- Aprobar a liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de outubro de 2011.

18.11.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 35,40 euros (Cableuropa SAU).

21.11.11.- Devolución do aval bancario depositado para responder dos traballos da obra Actuacións de mellora de diversos parques infantís do Concello de Brión para a súa adaptación á normativa de seguridade, á empresa Lappset España VP SL, por importe de 3.670,11 euros.

21.11.11.- Convocatoria da Xunta de Goberno Local a celebrar o 22 de novembro.

23.11.11.- Aprobar definitivamente o padrón fiscal conxunto das taxas por servizos de subministración de auga, saneamento, depuración de augas residuais e canon de saneamento, correspondente ao 3º trimestre de 2011.

23.11.11.- Convocatoria sesión extraordinaria Pleno a celebrar o 25 de novembro.

23.11.11.- Embargo de créditos á empresa Comercial Barcia Pazos SL.

24.11.11.- Aprobación prórroga á empresa Limpiezas Salgado S.L polo servizo Limpeza do CEIP de Pedrouzos-Brión.

24.11.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 2.231,27 euros (facturas varias).

24.11.11.- Aprobar a certificación única da obra de Asfaltado de pistas en Bastavales por importe de 61.890,47 euros.

24.11.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 607,57 euros (Estación de Servizos Manzaneda).

- 25.11.11.- Aprobación das bases de participación do VIII Certame de pintura "Concello de Brión" Novos Valores 2011.
- 25.11.11.- Aprobar a liquidación da Xunta de Goberno Local celebrada o 22 de novembro.
- 25.11.11.- Cesión do dereito de crédito a favor de Caja de Ahorros de Zaragoza, Aragón y Rioja por importe de 359,90 € pola empresa gráficas Litonor SAL.
- 28.11.11.- Convocatoria Xunta de Goberno Local a celebrar o 29 de novembro.
- 28.11.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 1338,82 euros (facturas varias).
- 28.11.11.- Concesión dun anticipo reintegrable a un traballador por 300 €.
- 29.11.11.- Ordenar a Silvia Vidal Castiñeiras a clausura da actividade de explotación porcina que está a realizar no lugar de Brans de Abaixo-Concello de Brión.
- 29.11.11.- Concesión da licenza municipal para a tenza de animais dos cualificados como potencialmente perigosos a M^a Jesús Rodríguez Uzal.
- 29.11.11.- Arquivar o expediente de reposición da legalidade urbanística tramitado contra José e Jesús Lago Rodríguez.
- 29.11.11.- Compensación das cantidades de 2.800,27 euros e de 12.130,69 € en concepto de liquidación do IBI do exercicio 2011 de Urban Servizos Inmobiliarios SL e Urban Portfolio Inmobiliario con cargo ao crédito que ostenta Urban Porfolio Inmobiliario contra este Concello.
- 30.11.11.- Compensar a cantidade de 775,10 euros en concepto de liquidación do imposto sobre incremento de valor dos terreos de natureza urbana do exercizo 2011 liquidadas pola Deputación á entidade mercantil Urban Servicios Inmobiliarios S.L. con cargo ao crédito que ostenta Urban Porfolio Inmobiliario contra este Concello.
- 30.11.11.- Pago de nóminas.
- 30.11.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 9.633,60 euros (facturas varias).
- 30.11.11.- Ordear a María Vázquez Portas a paralización das obras de construción dun muro de contención de formigón na traseira da parcela sobre a que se empraza a vivenda núm. 8 do lugar de Brans de Arriba.
- 30.11.11.- Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística a José Brea Camiño.
- 30.11.11.- Baixa definitiva do recibo da taxa de recollida de lixo correspondente ao ano 2011 que figura a nome de Susana Boisa López.
- 30.11.11.- Baixa definitiva do recibo da taxa de recollida de lixo correspondente ao ano 2011 que figura a nome de Manuel Boisa López.
- 30.11.11.- Modificación da base 11 das subvencións e axudas para proxectos e actividades educativas e culturais complementarias emprendidas polos centros educativos 2011 polo que se amplía o prazo ata o día 30 de decembro de 2011 para a presentación da documentación xustificativa.
- 30.11.11.- Modificación da base 11 das subvencións e axudas para proxectos e actividades culturais, deportivas, educativas, de interese público e de promoción económica 2011 polo que se amplía o prazo ata o día 30 de decembro de 2011 para a presentación da documentación xustificativa.
- 30.11.11.- Instalación de novos elementos de postes e refuxios de parada de autobús.
- 30.11.11.- Pago gratificación a un laboral.

30.11.11.- Pago gratificación a un funcionario.

30.11.11.- Abono da diferenza complementos específicos polo posto de interventor accidental.

30.11.11.- Recoñecemento dun trienio a un traballador.

01.12.11.- Aprobación da xustificación presentada pola Asociación de Caza Altamira, polo importe total de 3.000 euros.

01.12.11.- Anticipo reintegrable a un traballador.

01.12.11.- Concesión das subvencións e axudas para proxectos e actividades educativas e culturais complementarias emprendidas polos centros educativos 2011 (CEIP Brión polo importe de 4000 € e o IES de Brión polo importe de 3000 €).

01.12.11.- Concesión das subvencións e axudas para actividades culturais, deportivas, educativas, de interese público e de promoción económica 2011 (Asociación Mulleres Xuntanza: 1.200 €, Asociación Xuvenil Carballeira: 1.300 €, Asociación Chísem. prevenc. e intervenc. Psicolóxica: 400 €, Asemblea de cooperación pola paz: 200 €).

01.12.11.- Alta padróns mes de novembro.

01.12.11.- Baixas padróns mes de novembro.

01.12.11.- Aprobar a xustificación presentada pola Sociedade Deportiva Luaña, polo importe total de 2.000 euros.

01.12.11.- Concesión da licenza municipal para a tenza de animais dos cualificados como potencialmente perigosos a Jordi Marco Rey.

01.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 435,65 euros (Telefónica Móviles).

01.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 7,38 euros (Telefónica Móviles).

02.12.11.- Ordenar a Ramón Gómez Barreiro, proceda á retirada das tullas en Souto nº 13, posto que son obras realizadas sen licenza e non legalizables.

02.12.11.- Remisión de expediente ao Xulgado Contencioso Administrativo polo recurso interposto por France Telecom España S.A contra resolución polo que se desestima o recurso de reposición interposto contra acordo da Xunta de Goberno Local do Concello do 5 de abril de 2011, de denegación de licenza.

02.12.11.- Personarse no procedemento citado anteriormente e exercitando este Concello a súa defensa como parte demandada, encomendando tal defensa e representación ao Letrado Carlos Abal Lourido.

02.12.11.- Remisión de expediente ao Xulgado Contencioso Administrativo polo recurso interposto por José Luis Prieto López contra resolución sobre declaración de situación legal de ruina de inmovle.

02.12.11.- Personarse no procedemento citado anteriormente e exercitando este Concello a súa defensa como parte demandada, encomendando tal defensa e representación ao Letrado Carlos Abal Lourido.

05.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 354 euros (Centy Europa SL).

07.12.11.- Aprobación definitiva da matrícula de contribuíntes da taxa pola utilización privativa da vía pública para facilitar a entrada a garaxes particulares do exercicio 2011.

07.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 91,82 euros (CP Agro Novo).

- 09.12.11.- Aprobar a liquidación das taxas pola prestación dos servizos da escola infantil municipal correspondentes ao mes de decembro de 2011.
- 09.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 2.749,71 euros (axuda transporte Plan AFD mes de novembro).
- 09.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 69,78 euros (CP Agro Novo).
- 09.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 5.523,80 euros (Mapfre Seguros).
- 09.12.11.- Aprobación dunha axuda de emerxencia a unha veciña.
- 09.12.11.- Pago de sancións ao organismo autónomo de Augas de Galicia, por de 2.100,00 euros e 6.310,63 euros.
- 12.12.11.- Declaración de nulidade do convenio de colaboración coa empresa Espina y Delfín S.L.
- 12.12.11.- Aprobación da liquidación de taxas da Xunta de Goberno Local celebrada o 29 de novembro.
- 12.12.11.- Aprobación da certificación única da obra de Remodelación e reparación de beirarrúas en Bastavales por importe de 63.109,53 euros.
- 12.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 75 euros (CP Agro Novo).
- 13.12.11.- Corrección dun erro no padrón histórico de habitantes.
- 13.12.11.- Devolución do aval bancario das obras de Instalación dunha marquesiña metálica (2ª fase) para a cubrición do campo de fútbol e construción de dous corpos de aseos. Lamiño, por importe de 2.500 euros á empresa Alcomte Galicia SL.
- 13.12.11.- Devolución do aval bancario das obras de Saneamento e depuración en Busto de Frades, á empresa Alcomte Galicia S.L., por importe de 3.113,64 euros.
- 13.12.11.- Devolución do aval bancario das obras de Saneamento, abastecemento e pluviais en Nináns, á empresa Alcomte Galicia S.L., por importe de 5.984,80 euros.
- 13.12.11.- Devolución do aval bancario das obras de Saneamento en Alfonsín, á empresa Alcomte Galicia S.L., por importe de 2.879,45 euros.
- 13.12.11.- Devolución do aval bancario das obras de Acondicionamento conterización soterrada na nova sede do Concello de Brión, á empresa Alcomte Galicia S.L., por importe de 2.698,48 euros.
- 13.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 27,29 euros (Gas Natural).
- 13.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 25.656,03 euros (facturas varias).
- 13.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 819,26 euros (axuda transporte Plan AFD mes de decembro).
- 13.12.11.- Aprobación expediente MC 29/2011.
- 14.12.11.- Aprobación definitiva do Proxecto de Compensación da AR-5 do PXOM de Brión.
- 14.12.11.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de novembro de 2011.

14.12.11.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio a dependentes correspondentes ao mes de novembro 2011.

14.12.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 7.515,40 euros (Telefónica Móviles).

15.12.11.- Declarar definitivamente adoptado o acordo de aprobación da modificación da ordenanza fiscal núm. 1-I reguladora do imposto sobre bens inmobles.

15.12.11.- Declarar definitivamente adoptado o acordo de aprobación da modificación da ordenanza fiscal núm. 3-I reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

15.12.11.- Declarar definitivamente adoptado o acordo de aprobación da modificación da ordenanza fiscal núm. 5-I reguladora do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

15.12.11.- Declarar definitivamente adoptado o acordo de aprobación da modificación da ordenanza fiscal núm. 15-T reguladora da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana.

15.12.11.- Declarar definitivamente adoptado o acordo de aprobación da modificación da ordenanza fiscal núm. 19-T reguladora da taxa de saneamento e depuración de augas residuais.

15.12.11.- Declarar definitivamente adoptado o acordo de aprobación da modificación da ordenanza fiscal núm. 12-T reguladora da taxa pola subministración de auga.

O Pleno queda enterado.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 16 de decembro de 2011 ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 20 de decembro de 2011, que transcrita di:

Este Concello ten unha relación de postos de traballo de persoal funcionario que foi aprobada o 7 de decembro de 2005, e publicada no BOP de 28.01.2006. Esta relación foi obxecto de modificacións posteriores mediante acordos plenarios do 16.12.2009 publicado no BOP do 28.01.2010 e mediante acordo plenario do 25.03.2010 publicado no BOP do 06.05.2010.

Neste intre resulta necesario aprobar unha nova modificación da relación de postos de traballo para adecuala ás necesidades actuais do Concello e ao organigrama interno do mesmo, tratando de conseguir unha mellor prestación de servizos, dentro da capacidade de autoorganización da que dispón o Concello e que non supón ningún incremento de retribucións.

A modificación puntual proposta elaborada pola Consultora Galivalia S.L., consiste en:

1º) Incorporación dentro do Departamento de Secretaría e Réxime Interno, dun posto de Técnico de Secretaría.

2º) Asignación formal sen incremento de postos da atribución das competencias de atención á Alcaldía.

3º) Supresión do posto de Tesoureiro-Recadador, cuxas funcións serán asumidas por un posto xa existente dentro do Departamento de Intervención, o de auxiliar administrativo, que é obxecto de modificacións para adaptarse á nova realidade funcional e orgánica.

4º) Supresión dentro do Departamento de Intervención Administrativa, Urbanismo e Medio Ambiente, do posto de Xefe de Departamento, así como o de Auxiliar administrativo.

5º) Creación dentro do Departamento de Secretaría e Réxime Interno, dun negociado que teña atribuídas as competencias da xestión ordinaria de persoal, así como a vinculación dun posto de auxiliar administrativo a esta unidade.

6º) Descrición funcional xeral dos diferentes postos de traballo en estreita relación co marco competencial fixado para as diferentes unidades administrativas e que da lugar á elaboración das correspondentes fichas descritivas.

Visto o expediente tramitado, o informe de Secretaría de data 16.11.2011, e informado pola Mesa Xeral de Negociación do persoal funcionario e laboral en reunión de data 13.12.2011, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente a modificación da relación de postos de traballo do Concello, que queda do seguinte xeito, logo de incorporadas as modificacións aprobadas:

01. DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA E RÉXIME INTERNO

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	VAC.	TIPO	CORPO/ESCALA CATEGORÍA	GRUPO	NIVEL	COMPLEMENTO ESPECÍFICO OU DE POSTO	FORMA DE PROVISIÓN	RESERVA NACIONALIDAD	FORMACIÓN ESPECÍFICA	PERFIL LINGÜÍSTICO	ADSCR. A.P.	OBSERVACIÓNS
01.00.01	SECRETARIO XERAL. COORDINADOR	NON	S	H.N. (SECRETARÍA ENTRADA)	A1	28	16.540,06	C	R.N.		P		Especial dispoñibilidade
01.00.02	TÉCNICO DE SECRETARÍA	SI	S	A.X.(XESTIÓN)	A2	24	11.223,62	C	R.N		P	A. L.	Especial dispoñibilidade

01.01. NEGOCIADO DE SERVIZOS XERAIS

01.01.01	ENCARGADO DE NEGOCIADO	NON	S	A.X.(ADM TVO)	C1	18	7.088,60	C	U.E		P	A. L.	Especial dispoñibilidade
01.01.02	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	NON	N	A.X. (AUXILIAR)	C2	14	4.725,73	C	U.E.		I	A. L.	

01.02. NEGOCIADO DE REXISTRO, ARQUIVO, INFORMACIÓN, ATENCIÓN CIADÁN E ALCALDÍA

01.02.01	ENCARGADO DE NEGOCIADO	NON	S	A.X. (AMTVO)	C1	18	7.088,60	C	U.E.		P	A. L.	Especial dispoñibilidade
01.02.02	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	NON	N	A.X (AUXILIAR)	C2	14	4.725,73	C	U.E.		I	A. L.	
01.02.03	CONSERXE NOTIFICADOR	NON	N	A.X. (SUBALTERNO)	A.P.	12	3.544,30	C	U.E.		I	A. L.	

01.03. NEGOCIADO DE PERSOAL

01.03.01	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	SI	N	A.X. (AUXILIAR)	C2	14	4.725,73	C	U.E.	Coñecementos básicos en xestión de persoal	I	A. L.	
----------	-------------------------	----	---	-----------------	----	----	----------	---	------	--	---	-------	--

02. DEPARTAMENTO DE INTERVENCIÓN

02.00.01	INTERVENTOR XERAL COORDINADOR	NON	S	H.N. (INTERVENCIÓN ENTRADA)	A1	28	16.540,06	C	R.N.		P		Especial dispoñibilidade
02.00.02	AUXILIAR TESOUREIRO-RECADADOR	SI	N	AX (AUXILIAR)	C2	18	5.316,45	C	R.N.	Coñecementos en materia de xestión tributaria e contabilidade pública	I	A. L.	

03. DEPARTAMENTO OBRAS, URBANISMO E MEDIO AMBIENTE

03.01 OFICINA TÉCNICA

03.01.01	ARQUITECTO	NON	S	A.E. (TÉCNICA)	A1	24	11.223,62	C	R.N.		P	A.L.	
03.01.02	APARELLADOR	SI	S	A.E. (TÉCNICA)	A2	22	7.088,60	C	R.N.		P	A.L.	A.f.

03.02 UNIDADE DE OBRAS E SERVIZOS

03.02.01	XEFE DE OBRAS MUNICIPAIS	NON	N	A.E. (SERVIZOS ESPECIAIS)	A.P.	14	5.907,17	C	U.E.		O	A.L.	
03.02.02	XEFE DE VIAS MUNICIPAIS	NON	N	A.E. (SERVIZOS ESPECIAIS)	A.P.	14	5.907,17	C	U.E.		O	A.L.	

04. DEPARTAMENTO DE POLICÍA

04.00.01	OFICIAL-XEFE DE POLICÍA	NON	S	A.E. (SERVIZOS ESPECIAIS-ESCALA EXECUTIVA)	C1	16	5.907,17	C	R.N.	C.C. TIPO B	I	A.L.	Traballo quendas	a
04.00.02	POLICÍA	NON	N	A.E. (SERVIZOS ESPECIAIS-ESCALA EXECUTIVA)	C1	14	5.316,45	C	U.E.	C.C. TIPO B	I	A.L.	Traballo quendas	a
04.00.03	POLICÍA	NON	N	A.E. (SERVIZOS ESPECIAIS-ESCALA EXECUTIVA)	C1	14	5.316,45	C	U.E.	C.C. TIPO B	I	A.L.	Traballo quendas	a

ABREVIATURAS EMPREGADAS:

TIPO:

L: POSTO RESERVADO A PERSOAL LABORAL

S: POSTO SINGULARIZADO RESERVADO A FUNCIONARIOS

N: POSTO NON SINGULARIZADO RESERVADO A FUNCIONARIOS.

FORMA DE PROVISIÓN:

C: CONCURSO

L: LIBRE DESIGNACIÓN

RESERVA NACIONALIDADE: U.E.: POSTO QUE PODE SER OCUPADO POR UN NACIONAL DE CALQUERA ESTADO MEMBRO DA U.E.

R.N.: POSTO RESERVADO A NACIONAIS ESPAÑOIS.

FORMACIÓN ESPECÍFICA: LCPL: A REQUIRIDA POLA LEXISLACIÓN GALEGA SOBRE POLICÍAS LOCAIS, ASÍ COMO A XERAL DA NORMATIVA SOBRE FORZAS E CORPOS DE SEGURIDADE.

PERFIL LINGÜÍSTICO: O: POSTO NO QUE SE REQUIRE ESTAR EN POSESIÓN DO "CURSO GALEGO ORAL" OU ACREDITAR UN COÑECEMENTO EQUIVALENTE.

I: POSTO NO QUE SE REQUIRE ESTAR EN POSESIÓN DO "CURSO DE INICIACIÓN" DE GALEGO OU ACREDITAR UN COÑECEMENTO

EQUIVALENTE.

P: POSTO NO QUE SE REQUIRE ESTAR EN POSESIÓN DO "CURSO DE PERFECCIONAMENTO" DE GALEGO OU ACREDITAR UN

COÑECEMENTO EQUIVALENTE.

OS CURSOS DE CAPACITACIÓN DE GALEGO ADECUARÁNSE AO DISPOSTO NA ORDE DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, DO 16 DE XULLO DE 2007, QUE REGULA OS CERTIFICADOS OFICIAIS ACREDITATIVOS DOS NIVEIS DE COÑECEMENTO DE LINGUA GALEGA (CELGA), E AS VALIDACIÓNS CORRESPONDENTES.

ADSCRICCIÓN A ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS: A. L: ADMINISTRACIÓN LOCAL

OBSERVACIÓNS: A.F.: POSTO A FUNCIONARIZAR NO MOMENTO EN QUE SEXA CUBERTO DEFINITIVAMENTE.

2º) Expoñer ao público o expediente durante o prazo de quince días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O acordo de modificación considerárase definitivamente aprobado se durante o mencionado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3º) Aprobada definitivamente a modificación da relación de postos de traballo publicarase no BOP e remitirase unha copia da mesma á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

Debate:

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que eu vin todos os datos da modificación e as súas declaracións na prensa e creo que isto é unha fantasmada; que todo o que sexa racionalizar é bo para o Concello, pero que en primeiro lugar debía darse a posibilidade a todo o persoal do Concello de poder acceder a estas prazas, e con esta modificación esa igualdade de oportunidades non existe

porque están dadas a dedo segundo o seu criterio; que o Estatuto básico do empregado público establece como poden cubrirse estas prazas e vostede as outorga a dedo, que estamos ante un aparente caso de favoritismo en beneficio dalgúns traballadores, porque deixando a parte as prazas de Secretaría e Intervención que son de habilitación estatal e ao arquitecto pola responsabilidade, o resto das prazas son sempre para os mesmos traballadores, e coas mellores retribucións, así por exemplo unha praza é para un funcionario que é fillo dunha persoa que sempre vai con vostede na lista electoral, entrou como grupo D promocionou ao C e despois ao B e cústalle 3.982 euros ao mes con prorrateo de pagas extras e que cobra practicamente igual que un director xeral.

Engade o Sr. Concelleiro que nós non votamos a favor do cadro de persoal da relación do orzamento de 2010, e agora resulta que tamén vai substituír á interventora polo que cobrará e ademais é Delegado de Persoal dos funcionarios; outro exemplo é a muller deste funcionario á que se lle asignan moitas funcións, moi por encima do que lle corresponde a un auxiliar administrativo, e se lle pon coñecementos básicos en Intervención.

Engade que en Intervención a persoa é ideal porque xa estaba neste departamento aínda que debía poder acceder todo o mundo a esta praza, e respecto do outro posto que vai asumir as funcións de secretaria particular do Alcalde nada que dicir, porque é o que xa facía como todo o mundo coñece.

Sinala que o aforro que di vostede de 600.000 euros na prensa non o cre nin vostede, que o único aforro que vai existir é de 52.000 euros da praza do tesoureiro, e por todas estas razóns que acabo de expoñer o PP vai votar en contra.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que nós temos feito moitas veces críticas ao cadro de persoal do Concello cando se aproba o orzamento anual e nas nosas críticas subxacen cousas ditas aquí polo PP; eu non penso entrar en cuestións de favoritismos, eu entro a discutir sobre a eficacia do cadro de persoal, eu creo que non está axustadao ás necesidades do Concello; non vou votar en contra porque é o seu organigrama, voume abster porque non comparto a súa posición respecto da relación de postos de traballo.

O Sr. Alcalde sinala que vostede Sr. Pena Espiña na primeira relación de postos abstívose e votou despois a favor nas dúas modificacións que se fixeron posteriormente, a súa é unha postura congruente e así o entendo e agradezo.

Engade que non entendo a postura do representante do PP, que aquí se presenta unha modificación puntual da relación de postos de traballo para adecualas ás necesidades reais que hai hoxe no Concello, e son varias as modificacións que hai, cremos que hai unha necesidade en Secretaría, para a súa substitución cando estea por exemplo de vacacións e igualmente en Intervención por distintos motivos, e co aforro que elo conleva como xa está a facer neste momento respecto da baixa da interventora.

Sinala que se crea o posto de auxiliar para levar funcións de reforzo en Intervención e de nóminas e persoal que antes estaba en urbanismo, e creo que si hai igualdade de oportunidades porque as prazas terán que saír a concurso no seu momento, que as prazas non son con nomes e as ocuparán os que as saquen no seu momento; vostede segue a utilizar aos funcionarios municipais onde eles non poden defenderse, o fixo vostede xa antes, e quero recordarlle que esta modificación foi aprobada por unanimidade da representación sindical do Concello e polos sindicatos máis representativos a nivel de Comunidade Autónoma.

Engade o Sr. Alcalde que a primeira relación de postos de traballo é do 2005 e foi aprobada polo PP e en decembro de 2009 foi modificada e aprobada tamén por vostedes e o 25 de marzo de 2010 tamén foi aprobada por vostedes, pero bueno pode vostede cambiar de opinión.

Respecto do tema do aforro ven dado por non ter que cubrir a praza de Intervención, que se atopa de baixa e logo estará de baixa por maternidade, que se está facendo xa, de sobre 53.000 euros ao que

deben engadirse 65.000 euros por non cubrir a praza de recadador, máis a non necesidade de ter que cubrir a praza de auxiliar administrativo que estaba en negociado de persoal, que estaba na relación de postos e que vai ser ocupada pola auxiliar de persoal, sobre 30.000 euros, máis outro aforro duns 20.000 euros do posto de secretaria particular da Alcaldía que se vai facer por unha funcionaria, daría un aforro duns 159.000 euros ao ano e por catro anos seiscientos mil e pico de euros, e remata sinalando que agradezo os votos favorables dos representantes sindicais e quero dicir que en definitiva os funcionarios farán máis funcións e coas mesmas retribucións.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 8, pertencentes ao grupo municipal do PSG-PSOE (8).

Votos en contra: 4, pertencentes ao grupo municipal do PP (4).

Abstencións: 1, pertencente ao grupo mixto (BNG) (1).

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

4º) MOCIÓNS.

Apróbase a urxencia por unanimidade das seguintes mocións:

1) MOCIÓN DO GRUPO MIXTO (BNG) SOBRE A ANULACIÓN DA TARXETA SANITARIA ÁS PERSOAS DESEMPREGADAS E PERSOAS SEN RECURSOS ECONÓMICOS.

Dada conta da moción que transcrita di:

O día 9 de setembro de 2011 a Consellaría de Sanidade da Xunta de Galiza publicou no Diario Oficial unha orde na que regula o dereito de acceso á asistencia sanitaria para as persoas sen recursos económicos suficientes e para as persoas desempregadas. Posteriormente remitiu aos centros de saúde un Protocolo de traballo para a posta en marcha da devandita Orde. Neste protocolo indícase: “Dende a entrada en vigor da Orde as persoas sen recursos que soliciten teñen dereito á atención de urxencias e emerxencias, polo que, ante a solicitude dunha atención urxente é necesario dar unha alta rápida no aplicativo con documentación acreditativa “PRIVADO”, previa busca do cidadán na aplicación, sempre se lles entregará o modelo de compromiso de pago para que o asinen, escribindo a man (mentres non estea preparado o modelo na aplicación) o seguinte texto: Persoas sen recursos económicos suficientes en tramitación. Só asistencia urxencia/emergencia.”

Segundo se indica no texto literal reproducido, as persoas afectadas só teñen dereito, previo compromiso de pago, á atención de urxencias e emerxencias, é dicir, perden o dereito á sanidade pública universal, fican sen médico/a de cabeceira, sen probas diagnósticas nin especialistas, non teñen, en definitiva, asistencia sanitaria completa. Estas persoas quedan tamén sen a asistencia farmacéutica até que volvan a ter todos os papeis en regra para volver estar de alta.

O proceso de clasificación das persoas afectadas nunha nova categoría non pode conlevar a desactivación dos seus dereitos sanitarios e menos sen recibir información por parte do Goberno galego do que está a suceder.

Todas as persoas afectadas terán a obriga de solicitar unha tarxeta de persoas sen recursos mais esa solicitude pode tardar en aprobarse entre oito e dez meses, polo que durante todo ese tempo permanecerán sen asistencia gratuíta.

Esta orde está totalmente inxustificada, é inhumana e desoladora, xa que vulnera os dereitos básicos da cidadanía e rompe os principios de universalidade e equidade da Sanidade Pública. O goberno do PP na Xunta de Galiza está a levar adiante unha serie de medidas que pretenden a privatización e o desmantelamento da sanidade pública no noso país como demostra a redución de persoal sanitario mediante a non cobertura de baixas e xubilacións, a redución de consultas e actividade nos quirófanos na quenda de tarde, o incremento dos concertos privados, a entrada de capital privado no financiamento dos novos hospitais ou o recorte de 237 millóns de euros no orzamento da sanidade pública.

Por todo iso, propoñémoslle ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galiza a

- 1-. Retirar de xeito inmediato o Protocolo que desenvolve a Orde de 5 de setembro de 2011 publicada no DOG do 9 de setembro.
- 2-. Restituír todos os dereitos das persoas que foron prexudicadas polo mencionado Protocolo reactivando as tarxetas anuladas.
- 3-. Evitar que os cambios burocráticos que se deban realizar repercutan no exercicio dos dereitos sanitarios da poboación galega.

Debate:

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que algo que era intocable para todos como é a sanidade pública, parece que xa non o vai ser, creo que estamos a tempo de intentar reconducir a situación para que a asistencia sanitaria continúe a ser universal, iso é en definitiva do que trata a moción.

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que non estou de acordo coa moción, non podemos aprobar isto, porque o tema da prestación é do Estado e que o SERGAS cubre toda a asistencia sanitaria gratuita e universal, pero o dereito á asistencia depende do Ministerio, a base de datos do Ministerio é a que di quenes teñen asistencia sanitaria, o SERGAS está actuando de oficio para non deixar sen prestacións a ninguén activando tarxetas sanitarias que o INSS non tiña actualizado para persoas sen recursos ou que tiveran perdido o dereito de subsidio, é a Xunta a que está a actuar para que esta xente teña asistencia sanitaria e traballando para que todas as tarxetas estean tramitadas, será o INSS o que deberá traballar e coincido co BNG en que a asistencia sanitaria debe ser gratuita e universal.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que moi ben, pero hoxe iso de competencia de Madrid xa non vale, e que está moi claro que a Xunta modificou esa lei, ten competencias neste asunto e non deberían introducir cambios nesta materia.

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que a orde da consellería permite a extensión da asistencia a outros colectivos como estranxeiros con residencia e empadroados nun concello de Galicia.

O Sr. Alcalde sinala que imos aprobar a moción, que nós tiñamos unha, pero que emendamos esta nun puntinho máis; engade que esta orde non ten sentido ningún, é unha regresión total ao ano 1942, que non hai ningunha modificación por parte do goberno español e que o titular do dereito é a cidadanía polo feito de selo, que con isto voltaríamos á beneficencia, á existencia de enfermos con distintas categorías e remata sinalando que a única responsabilidade disto é do goberno galego.

Sinala que emenda a moción no seguinte senso: no apartado dispositivo núm. 2 engadir: e que se lles de comunicación aos afectados, emenda que é aceptada.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción coa emenda de adición sinalada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 9, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8) e Mixto (BNG) (1).

Votos en contra: 4, pertencentes ao grupo municipal do PP (4).

Abstencións: 0.

En consecuencia queda aprobado o seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galiza a

1-. Retirar de xeito inmediato o Protocolo que desenvolve a Orde de 5 de setembro de 2011 publicada no DOG do 9 de setembro.

2-. Restituír todos os dereitos das persoas que foron prexudicadas polo mencionado Protocolo reactivando as tarxetas anuladas, e que se lles de comunicación aos afectados.

3-. Evitar que os cambios burocráticos que se deban realizar repercutan no exercicio dos dereitos sanitarios da poboación galega.

5º) ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que quere facer un rogo: Que o alumeado entre as dúas rotondas á saída da autovía está apagado e as farolas que están na Igrexa de Brión tamén, solicito que se tomen as medidas para arranxar iso.

O Sr. Alcalde sinala que a iluminación polo tema do aforro, no cemiterio a partir das doce apágase e no tramo de rúa paralela ás dúas rotondas e o tramo do campo de fútbol apágase pola noite tamén.

5.1. Preguntas formuladas por escrito polo grupo do PP:

1-. No ano 2007 o funcionario José Antonio Bouzas Neo promocionaba do grupo C ao B (hoxe clasificado como grupo A2) como Técnico de Urbanismo ou Xefe de Departamento de Urbanismo. Quixéramos que se nos detallaran as funcións realizadas durante estes anos por este funcionario relativas a urbanismo, e aquelas outras que viñera desempeñando fora desta materia.

2-. En referencia ao posto do funcionario do punto anterior, quixéramos que se nos explicara detalladamente os motivos polos cales este funcionario do grupo A2, ao que se lle esixe unha diplomatura universitaria para a súa praza, e o cal non ten coñecementos demostrados algúns na materia de urbanismo, ten o mesmo nivel, complemento de destino e complemento específico, que o propio arquitecto municipal, cando este último, é o máximo responsable técnico de urbanismo no Concello, tendo máis categoría, e cando se lle esixe unha licenciatura para a obtención da súa praza A1 e demostrar os seus amplos coñecementos urbanísticos.

O Sr. Alcalde responde de forma conxunta ás preguntas 1 e 2 sinalando que isto creo que ten relación co punto que ía na orde do día do Pleno, e que demostra o profundo descoñecemento que volver amosar vostede cando presenta preguntas neste Pleno, que a promoción profesional se realiza dun corpo a outro, non dun posto a outro, e por iso promocionou a

urbanismo, onde fixo as tarefas catastrais, aplicacións telemáticas con Facenda e coa Seguridade Social, aplicacións telemáticas coa Xunta a través do Eido Local, levaba nóminas e padróns, aplicacións informáticas municipais, antes despachaba as Xuntas de Goberno Local, levaba a xestión de persoal, levaba libros de actas, informacións catastrais, padrón de lixo, pero o seu descoñecemento non acaba aquí, senón que ademais, pon en tela de xuízo as capacidades profesionais deste funcionario, que debe estar fora do debate político, que existe indefensión do funcionario nun Pleno, e vou a darlle conta sucinta do currículo: é Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago, ten un master universitario pola Universidade de Santiago, ten o curso de dereito urbanístico e moitísimos máis e ten un master en urbanismo.

No tocante ás cuestións das retribucións foron aprobadas por dúas veces polo PP e que as valoracións de postos foron obxecto dun procedemento obxectivo e aprobados por todos os representantes sindicais a nivel municipal e autonómico e que as modificacións da relación acadaron o respaldo unánime polo que lle solicito que participe dese espírito de consenso.

3-. É probable que por un despiste deste grupo, non localizásemos a Xunta de Goberno Local que autoriza ou denega, unhas obras realizadas neste Concello. En concreto, referímonos ás obras feitas este pasado verán no lugar de Liñares, na finca de M^a del Carmen Rey Túñez.

Quixéramos pois que nos sinalara, en que Xunta de Goberno Local se fala destas obras.

Responde o Sr. Alcalde que pode considerarse certa persecución, que fanse moitas obras e van todas á Xunta de Goberno, que só hai preocupación por algúns, e que vostede tamén se interesou por un expediente e fixoo na prensa e a un dos denunciante nos que vostede se basou agora Patrimonio non lle da permiso, que pode existir certa persecución, e que as licenzas foron concedidas nas Xuntas de Goberno Local do 10.05.2011 e 22.11.2011 cos informes favorables do técnico.

4-. A finais do ano pasado, denunciámos que no lugar de Sanín (Os Ánxeles) se volveran a facer unhas obras, onde se atopa unha arqueta ilegal feita por D. Hipólito Berdullas a escasos metros dos muíños alí existentes. Queríamos saber ¿qué medidas e xestións fixo o Sr. Alcalde ao respecto desde que tivo coñecemento?.

Responde o Sr. Alcalde que sacouno vostede na prensa, que non nos consta que teña ningunha licenza nos últimos seis anos e que temos constancia de que Augas de Galicia con data de agosto de 2011 enviou escrito no que di que nos absteñámonos de conceder licenza ata que se resolva o expediente, que nin está solicitada a licenza nin por suposto tramitada, e se quere máis información vaia a Augas de Galicia que é o órgano competente, que o Concello non ten ningunha competencia, rogounos que nos absterámonos e así o facemos.

O Sr. Tomé Fondo sinala que eu non lle preguntei iso.

O Sr. Alcalde sinala que non consta nada e o Concello non fixo absolutamente nada, é Augas de Galicia o único competente e que estiveron aquí o luns pasado vendo a obra e remata sinalando que hai certa persecución a esa persoa por obras de hai 16 anos.

5-. No lugar de Nináns (A Luaña) fai uns anos D. José Luis Prieto López presentou un proxecto para rehabilitar unha vivenda alí ubicada e da súa propiedade. Ao parecer, o Concello de Brión non lle concedeu licenza municipal, comunicando ao propietario que había pequenos erros ou deficiencias no proxecto. Quixéramos que se nos explicara e detallara, en qué consistían aqueles.

Responde o Sr. Alcalde que con data 31.08.2006 este señor solicita licenza para rehabilitar unha edificación, con data 07.09.2006 se lle comunica informe técnico sobre deficiencias do

proxecto porque o procedemento para concederlle a licenza é o da Lei 9/2002 en solo rústico, posteriormente se lle di o que debe facer e como non presenta a documentación requirida se declarou o arquivo do expediente. Engade que entre as pequenas deficiencias do proxecto que presentou é que ven situada a edificación en solo de núcleo rural e o técnico do Concello sinala que é rústico especialmente protexido e a competencia para conceder esta licenza non era do Concello senón da Xunta, e cando se lle di que presente a documentación non o fai, aínda que podía tela presentado el directamente na Xunta.

5.2. O Sr. Tomé Fondo sinala que quere facer as seguintes **preguntas verbais**:

1-. Vostede fixo declaración no Correo Galego do 19 de setembro de 2011 respecto de obras na aldea de A Torre nas que dicía que se fixeron cumprindo estrictamente coa lei e unha semana despois di que o Concello tramitou os expedientes de reposición da legalidade urbanística e na Voz de Galicia tamén dixo vostede que tivo permiso de Patrimonio para facelo, casi dous meses antes de telo dicía vostede que tiña permiso de Patrimonio, ¿quen da os datos erróneos a prensa ou vostede?.

2-. Sobre os 150.000 euros que prometeu o expresidente da Deputación o día de inauguración da piscina ¿onde investiron os 150.000 euros?, ¿que obras se fixeron en concreto?

3-. Cando se ten previsto facer o Pleno para aprobar o orzamento de 2012 ?.

O Sr. Alcalde sinala que quedan para o próximo Pleno ordinario, simplemente quero facer uns comentarios: Respecto das obras da Torre actuouse estrictamente conforme á lei, abríronse expedientes de reposición da legalidade urbanística e o legalizable legalizouse e o que non ordenouse o derrubo previa licenza de derrubo e autorización do mesmo por Patrimonio.

O Sr. Concelleiro sinala que vostede en setembro dixo que tiña o permiso de Patrimonio. O Sr. Alcalde sinala que actuouse estrictamente conforme á lei e vostede o sabe perfectamente.

Con respecto á piscina non sei de que me está a falar, as obras están nos proxectos, e respecto do orzamento de 2012 imos intentar, sabe vostede que a interventora está de baixa, aprobalo este ano, e lle informo que ningún dos concellos veciños o ten aprobado.

5.3. Preguntas formuladas por escrito polo grupo Mixto (BNG):

1-. Nos últimos tempos viñéronse acometendo a substitución de farolas en diversos lugares do concello. Queremos saber cales foron os criterios de substitución, características de consumo das novas, financiamento e destino das vellas substituídas.

2-. Sobre o mesmo asunto das farolas públicas, na zona do Pego, na contorna da nova zona acondicionada, conviven dous modelos de farolas. Queremos saber as causas da colocación destes dous tipos de luminarias, horarios de funcionamento e se se ten pensado corrixir esta duplicidade.

Responde o Sr. Alcalde de forma conxunta ás preguntas 1 e 2 sinalando que a colocación de farolas faise en función de que haxa necesidades, se fan peticións por escrito e de palabra e a nova empresa que leva o mantemento fai informe e se van facendo ou non en función da importancia da necesidade; puxéronse 16 farolas, pero todas despois das eleccións, 9 son das farolas vellas que se foran quitando e 7 son novas que son para aforro enerxético; na zona do Pego, forma parte dunha área de reparto que a Xunta de Compensación ten que entregar e haberá que ver cales hai que retirar, que esa non é unha obra municipal e vostede sabe que non están encendidas e pode ter a seguridade vostede que non se van a encender as dúas.

3-. Varios pais e nais que levan aos seus fillos/as ás actividades da Escola de Música nos teñen manifestado a súa preocupación pola falta de seguridade nos momentos de saída da Escola. Polo visto conflúen bastantes coches nos momentos puntuais da saída dos nenos e nenas, hai carencia de espazos para estacionar, suben e baixan turismos e outros transportes pesados pola estrada, en definitiva que se produce un certo caos no momento de finalizar as actividades. Queremos saber se o goberno municipal ten coñecemento deste asunto, se ten pensado tomar medidas, como poden ser regular o tráfico mediante a policía municipal, colocar sinais indicadoras da escola ou calquera outra medida de prevención de accidentes.

O Sr. Alcalde responde que é certo que temos preto de 200 rapaces na escola de música e os mércores faise tumulto porque todo o mundo quere aparcar preto, aínda que hai sinal que sinala aparcamento, que imos mandar cartas aos pais sobre a existencia do aparcamento e poñer sinais de nenos na escola e como medida preventiva algún día irá a policía local para informar aos pais que deben aparcar correctamente e que veñan a menor velocidade posible.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as catorce horas e dez minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O Alcalde.

O Secretario.

Vº e Prace.

Asd. José Luis García García.

Asd. Javier Nieves González.